

**Resolución do 8 de marzo de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo de profesores técnicos de formación profesional (591) (código de procedemento ED003A)**

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo de profesores técnicos de formación profesional (591) (código de procedemento ED003A), entre outras, na especialidade de lingua e literatura galega (590053).

Mediante resolución do 16 de febreiro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) e do corpo de profesores técnicos de formación profesional (591) (código de procedemento ED003A), entre outras, nas seguintes especialidades:

<b>Código</b>	<b>Denominación especialidade</b>
590107	Informática
590112	Organización e proxectos de fabricación mecánica
590123	Procesos e produtos en madeira e moble
591202	Equipos electrónicos
591206	Instalacións electrotécnicas
591227	Sistemas e aplicacións informáticas
591228	Soldadura

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas relacións provisionais e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

**RESOLVE:**



Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de Informática (590107), Organización e proxectos de fabricación mecánica (590112) e de Procesos e produtos en madeira e moble (590123) do corpo de profesores de ensino secundario (590) e das especialidades de Equipos electrónicos (591202), Instalacións electrotécnicas (591206), de Sistemas e aplicacións informáticas (591227) e de Soldadura (591228) do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Segundo. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), como Anexo I a esta resolución, a relación definitiva de persoas admitidas xunto co baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de Informática (590107), de Equipos electrónicos (591202), Instalacións electrotécnicas (591206) e de Sistemas e aplicacións informáticas (591227) das persoas que xa figuran inscritas mediante convocatorias anteriores en virtude da disposición transitoria segunda do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, relativa á exención do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrao ou equivalente.

Terceiro.- Rematada a situación extraordinaria derivada da pandemia xerada pola covid-19, que motivou a súa inclusión en virtude do establecido na citada disposición transitoria segunda, as persoas relacionadas no Anexo I serán reincorporadas na correspondente especialidade na orde de prelación derivada desta convocatoria, consonte ao establecido na súa base novena.

Cuarto.- De acordo co disposto na base oitava da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do



contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

